

# CASA GRANDE DA FERVENZA, S.L.



**"Estamos localizados no entorno natural da Reserva da Biosfera Terras do Miño"**

*Juan Pérez Sánchez-Orozco*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Complexo de turismo rural
<b>Sector de actividade</b>	Turismo, hostelería e restauración
<b>Nº empregados</b>	11
<b>Inversión inicial</b>	Capital inicial: 486.820 €. 294.496 € de financiamento bancario. Subvención de Consellería de Turismo de 105.778 €. O capital restante foi aportado polos socios do seu patrimonio persoal.
<b>Financiación inicial:</b>	486.820 €
<b>Web:</b>	<a href="http://www.fervenza.com">www.fervenza.com</a>
<b>Municipio:</b>	O Corgo, Lugo
<b>Ano creación:</b>	1999

## Descrición do proxecto

A Casa da Fervenza constitúe un conxunto etnográfico que ten a auga como protagonista no entorno natural da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Un antigo caserío galego (orixinarimente un muíño) conforma a hospedaría, que consta de 8 cuartos dobres e 1 cuarto especial.

Unha edificación primitiva do século XVII alberga o restaurante, aberto todos os días, e que ofrece, entre outros servizos, xornadas gastronómicas, xuntanzas de empresa e celebracións.

Ademais, ofrécense actividades de lecer como paseos en barca, piraguas, bicicletas, burros, pesca, praia fluvial, museo etnográfico que conta cun muíño, unha fragua, un tear, un forno, as "moas" e venda de artigos artesanais.



## Datos empresa

### Claves do éxito

A empresa foi medrando atendendo ás demandas dos clientes, adaptando e diversificando a súa oferta. Ampliáronse as instalacións de comedor e finalizouse o museo etnográfico, co consecuente aumento de ingresos.

### Situación actual

Finalizouse o groso do investimento. A facturación aumentou dos 80.000 € en 1999, a 353.000 € en 2002. O cadro inicial de 1,5 empregados pasou a 7. A facturación actual pódese dividir en hospedaría (34%), restaurante (40%), banquetes (19%) e cantina (7%). A empresa proxecta actualmente a consolidación mediante unha campaña comercial, sen descartar futuras melloras e ampliacións.

### Perfil cliente

En canto ao servizo de hospedaría, podemos asociar o perfil de cliente con persoas con poder adquisitivo medio-alto. O cliente de fin de semana procede habitualmente de Galicia. Nas pontes e vacacións os clientes son de fóra de Galicia, principalmente Cataluña, Madrid e Canarias. Tamén recibemos clientes estranxeiros e empresas, e realizamos ademais banquetes de voda con bos resultados. O perfil de cliente do restaurante é similar, pero procede de Lugo (familias e empresas, sobre todo).



## Idea inicial

En 1996, estudiando a viabilidade do proxecto de dúas casas de turismo rural propiedade da nosa nai, e vendo que non eran viábeis, nos interesamos pola finca A Fervenza, moi próxima a aquelas e totalmente abandonada. Observamos que a Casa da Fervenza tiña moitas posibilidades (pasa o río Miño pola finca), aínda que precisaba dun importante investimento para obter rendemento.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio, tivemos que enfrontarnos ás seguintes dificultades:

- Conseguir o financiamento necesario, que foi moi problemático debido á cantidade do investimento.
- Problemas burocráticos e legais con turismo e sanidade.
- Problemas de demora nas obras de rehabilitación ao traballar con artesáns e para conseguir madeira de castiñeiro.
- Problemas co teléfono e a luz.
- Deficiente sinalización nas estradas.
- Falta de man de obra especializada en hostalería.

En canto ás ameazas posibles no futuro, pódese sinalar as seguintes:

- A posibilidade de que a masificación do turismo rural produza un cambio de tendencia e se reorienta cara outros lugares xeográficos da provincia ou de Galicia.
- Afogamento financeiro, por non ter a empresa a liquidez suficiente para sobrevivir.
- Estacionalidade da demanda concentrada nos meses de verán.

## Perfil promotores

Juan Pérez é enxeñeiro técnico agrícola e desenvolveu proxectos de turismo rural. É ademais representante da Organización Profesional Agraria (ASAJA). Aporta experiencia en proxectos europeos e como catador de produtos agroalimentarios. A empresa conta con tres socios máis.

## Aptitudes necesarias

- Iniciativa, imaxinación, constancia e seriedade.
- Capacidade de dirección e traballo en equipo.
- Capacidade de asimilación das demandas do mercado.
- Anticipo aos acontecementos.



## Guía de Actividad

**Turismo rural.** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Gañar cartos**

**O reto que supón**

## Formación

**¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?**

Si. O programa Lanza. Diversos cursos, xornadas e conversas (TURGALICIA, Deputación Provincial, Fundación Comarcal, etc.).

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Moi importante.

## Anecdotalio

Os veciños nos trataban de "tolos" por nos establecer no lugar de "A Fervenza", onde "o río non ten fondo".

